

Diálogo con Mario J. Valdés sobre Hermenéutica e Historia comparada das literaturas e as Culturas*

Arturo Casas

Durante os meses de marzo e abril de 2004 os profesores Mario J. Valdés e María Elena de Valdés impartiron na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o seminario “Interpretación do texto literario: teoría e práctica”, correspondente ao programa de doutoramento *Teoría da literatura e Literatura comparada*. A ocasión permitiu tamén que ditasen nas tres universidades galegas diversas conferencias e que participasen en mesas redondas, centradas unhas e outras nos seus ámbitos fundamentais de especialización, constituídos sobre todo pola literatura latinoamericana, a Hermenéutica contemporánea e a metodoloxía da Historia literaria e da Historia comparada das literaturas e as culturas. Para o equipo do programa de doutoramento esta visita de case dous meses tivo un grande interese, non só académico, e constituíu un novo avance nunha colaboración verdadeiramente frutífera. Lembrarei arestora que Mario J. Valdés nos honrara xa en decembro de 2002 coa súa participación no simposio *Historia comparada e espazos interculturais*, organizado polo grupo de investigación que con dirección de Fernando Cabo estuda os obxectivos e operativos dunha Historia literaria comparada aplicábel ao dominio ibérico. O modelo postulado polo Prof. Valdés en favor dunha renovación en profundidade deste campo supón dende hai anos un lugar fundamental de referencia e guía para o grupo compostelán de Teoría da literatura e Literatura comparada.

127

* Esta publicación vincúlase ao proxecto de investigación *Bases metodolóxicas para unha Historia comparada das literaturas na Península Ibérica*, dirixido por Fernando Cabo Aseguinolaza (Ministerio de Ciencia y Tecnología: BFF-2001-3812, con financiamento parcial dos Fondos FEDER da Unión Europea; Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia: PGIDIT02PXIC20401PN).

Mario J. Valdés foi profesor de Literatura comparada e de Literaturas latinoamericana e española na Universidade de Toronto entre 1963 e 1999. A partir de 1994 ocupou a cátedra extraordinaria de Estudos Iberoamericanos nesta institución. Entre 1976 e 1978 dirixiu o Departamento de Español, Italiano e Portugués da Universidade de Illinois, en Chicago. Foi profesor visitante en varias universidades norteamericanas, centroamericanas e europeas. En 1976 fundou a *Revista Canadiense de Estudios Hispánicos*, que dirixiu ata 1992. Dirixiu tamén a Modern Language Association e é membro da Royal Society of Canada. Presidiu a Canadian Association of Comparative Literature e, durante dez anos, o Coordinating Committee for Comparative Literary History in European Languages da International Comparative Literature Association. Entre 1996 e 2001 codirixiu con Linda Hutcheon o Literary History Project (Universidade de Toronto). Dedicou unha parte fundamental dos seus esforzos durante o último decenio á coordinación e edición dos tres volumes de *Literary Cultures of Latin American: A Comparative History / Historia comparada de las culturas literarias de América Latina* (Oxford University Press e Fondo de Cultura Económica, 2004). É autor ou editor dun total de vinte e tres libros. Entre os últimos, ademais do que se vén de mencionar, figuran *World-making: The Literary Truth-Claim and the Interpretation of Texts* (University of Toronto Press, 1992), *La interpretación abierta: Introducción a la hermenéutica literaria contemporánea* (Rodopi, 1995), *Hermeneutics of Poetic Sense: Studies on Cinema, Literature and Cultural History* (University of Toronto Press, 1998), *Con Paul Ricoeur: Indagaciones hermenéuticas* (Monte Ávila e Azul, 2000) e *Rethinking Literary History: A Dialogue on Theory* (Oxford University Press, 2002), este último coordinado xunto con Linda Hutcheon.

Sobre modelos e mudanzas

Arturo Casas: *Profesor Valdés, tras corenta anos de tarefas docentes desenvolvidas no fundamental en universidades canadianas e estadounidenses, pode asegurarse que coñece ben a fondo as dinámicas que marcaron o mundo académico nas súas plurais dimensións, como tamén as mudanzas experimentadas polos Estudos literarios e as Humanidades neste tempo. Que aspectos lle parecen máis significativos neses cambios dos que vostede foi asemade protagonista e testemuña?*

Mario J. Valdés: En efecto, son máis de corenta os anos que levo participando na nosa profesión, principalmente no Canadá, pero tamén en México,

Europa e Estados Unidos. Na miña experiencia houbo dous enormes cambios que están intimamente relacionados. En primeiro lugar, o estudo da literatura liberouse de vez das restricións de xénero, período e lingua, restricións que conduciran a unha redución ao absurdo da gran tradición herdada do século XIX. Dareille un exemplo persoal. En setembro de 1963 entreguei a planificación e a bibliografía do meu primeiro seminario para alumnos do doutoramento, titulado “A cultura intelectual da xeración do 98”. Tras recibir esa información, o xefe do Departamento pedíume que modificase a bibliografía por canto nela aparecían autores e obras que non entraban na nómina de autores españois. Entre os que me instaba a eliminar figuraban Aristóteles, Giambattista Vico e Wilhelm von Humboldt. Nunha difícil reunión do Departamento expliquei que non podía cambiar a bibliografía, apelando mesmo á liberdade académica propia e á dos estudantes. Dende a dirección insistíase en que aqueles textos podían ser referencias de estudo pero non fontes primarias. A miña resposta foi que eran textos primarios igual que os dos autores españois relacionados ao seu carón (Menéndez y Pelayo, Miguel de Unamuno, Antonio Machado e José Ortega y Gasset). Chegamos así a un *impasse* cando entrou na discusión o distinguido romanista Erich von Richthofen. Explicou que no seu seminario se analizaba o ciclo de Roldán como base necesaria para estudaren logo a lenda dos infantes de Lara, e que non comprendía por qué o estudo da época medieval gozaba dunha liberdade académica que porén se restrinxía tanto a propósito da época moderna. O distinguido filólogo ofreceu dese xeito unha solución que o xefe do Departamento aceptou de inmediato xa que non quería continuar unha discusión que el mesmo recoñecía máis absurda a cada paso. Nomeáronse *españóis honorarios* aos autores non nados en España e o caso ficou resolto. Pois ben, dende esa experiencia inicial teño asistido a unha enorme liberación do pensamento e a imaxinación intelectuais, que abrangue estudos interdisciplinares, a Literatura comparada e a Teoría da literatura.

129

A segunda gran mudanza, como dixen, está intimamente vinculada coa primeira: os nosos estudantes son hoxe mellores que os de antes, leron máis e son quen de pensaren sen os atrancos normativos que se impuñan no pasado.

AC: E nese mesmo marco do que estamos a falar, como contempla o futuro inmediato? Comparte con teóricos como Immanuel Wallerstein ou Walter D. Mignolo a análise sobre a necesidade —ou mesmo a urxencia— de reconfigurarmos o modelo epistemolóxico das Ciencias sociais e a súa anquilosada atribución de competencias disciplinares?

MJV: A resposta a esta pregunta anticipase en parte na miña reflexión anterior. Non hai dúbida que nas Ciencias humanas temos a urxente necesidade de proceder a unha reconfiguración dos modelos epistemolóxicos que por inercia aínda nos abouran no século XXI. Se queremos alcanzar o respecto do que gozan os nosos colegas das Ciencias naturais e experimentais é evidente que temos que gañalo. Sobre este asunto publiquei hai uns anos un artigo en colaboración co distinguido profesor de Física Etienne Guyon, “Serendipity in Poetry and Physics”¹.

AC: *Sen abandonarmos esa mesma esfera de preocupacións e tendo presente o seu coñecemento das prácticas académicas e investigadoras no conxunto do continente americano e tamén en Europa, como cre que afecta a concreta realidade económica e sociocultural á implantación dos modelos ou dos programas de investigación dominantes en cada caso? Existe algo semellante a unha globalización epistemolóxica nos Estudos literarios e culturais?*

MJV: O fenómeno da globalización é de primordial importancia; a forza potente do mercado afecta ás nosas vidas. Porén, as culturas literarias teñen demostrado un rexeitamento da globalización. Velaí a imponente forza da literatura galega actual. Iso si, existe unha ameaza latente que impón a globalización e esta aparece cando hai interferencia política na docencia. En todos os países nos que traballei, vin aos meus colegas resistir e combater ferozmente contra políticos neoconservadores que queren converter a universidade nunha escola de oficios. Esa loita desgasta porque se ten que batallar con todas as armas que nos ofrece e permite unha democracia. Pero non podemos permitírnos a indiferenza.

Literatura e pensamento

AC: *Profesor, o tema da súa tese de doutoramento e o obxecto privilexiado das súas investigacións en especial durante os anos sesenta e setenta foi a obra de Miguel de Unamuno. En 1964 publicou o libro Death in the Literature of Unamuno, vinculado á tese, e posteriormente preparou edicións de obras como Niebla e San Manuel Bueno, mártir, publicadas primeiro en Estados Unidos e despois en España pola*

¹ En Elinor S. Shaffer (ed.), *The Third Culture: Literature and Science*, Berlin: De Gruyter, 1998, pp. 28-39.

editorial Cátedra. En colaboración con María Elena de Valdés, traballou durante anos cos datos que recolleron a partir de 1964 na biblioteca que Unamuno deixou en Salamanca e dispuxeron así as oito mil entradas que constituíron en 1973 o fundamental catálogo An Unamuno Source Book, onde se informa sobre as lecturas e adquisicións do escritor vasco e se dá conta da importancia das anotacións correlativas para unha cabal comprensión do seu pensamento filosófico, político ou estético. Abondaría con repasar o libro de 1964 para calibrarmos en qué medida algunhas das claves da súa comprensión da relación entre filosofía e literatura ou o seu método de análise crítica proveñen xa desa etapa de iniciación como investigador. Faise inevitábel preguntar sobre a elección: por que Unamuno?, como contribuíu esa decisión para a concreción das súas opcións posteriores en ordes como a metodolóxica ou a epistemolóxica, e en particular para a súa asunción das teorías asociacionistas e da propia hermenéutica fenomenolóxica?

MJV: Como vostede sabe, a miña licenciatura foi en Historia e Filosofía. No posgrao (Mestría e Doutoramento) emprendín o que sería para min unha nova dirección intelectual, ao elixir a literatura como campo de estudo. Non obstante, e segundo era de esperar, os meus estudos previos uníronse ao interese pola literatura. Tiven un impagábel inicio ás letras, xa que os meus profesores foron María Rosa Lida de Malkiel, William H. Shoemaker e Antonio Tovar, entre outros. Dende a primeira lectura de *Del sentimiento trágico de la vida en los hombres y los pueblos* deime conta de que atopara un pensador e un creador que respondía ás miñas máis profundas necesidades intelectuais. Por que Unamuno? Porque era iconoclasta, provocador, con enorme erudición sen ser pedante, cunha desbordante obsesión polo debate, o diálogo, a discusión. Cando lía en Unamuno que o eu non é eu se non ten interlocutor, víame a min mesmo. Descubríñ Unamuno á vez que daba a miña primeira clase de Literatura. Era xaneiro de 1959, tiña daquela vinte e cinco anos, pero o certo é que sentín que volvía nacer. Dende ese momento comecei a asentir a miña paixón pola docencia, en boa parte inspirada polas lecturas da obra completa de Unamuno. Escribíñ a tese de doutoramento nun ano, durante o curso 1961-1962. O doutoramento foi o comezo dunha traxectoria longa de investigación que chegaría a formularse como unha teoría da literatura. Empecei a dála a coñecer co libro de 1982 *Shadows in the Cave*. Estes últimos vinte anos foron de traballo intenso, outravolta coa boa fortuna de recibir tan importantes axudas como a do apoio intelectual de Hans-Georg Gadamer e a derivada da xenerosa titoría de Paul Ricoeur. A hermenéutica fenomenolóxica comeza para min en Unamuno e realízase con Ricoeur.

AC: *Outros autores aos que prestou nalgún momento unha atención particular, como Octavio Paz, Borges ou Virginia Woolf, caracterízanse, como o propio Unamuno, por cultivaren en simultaneidade a escritura que consideramos literaria e a propensión ensaística ou mesmo filosófica. En ocasións ten destacado a preeminencia dunha experiencia estética de carácter intuitivo sobre a concreción intelectual dun sistema filosófico; noutros momentos, como no primeiro capítulo de *Shadows in the Cave*, a propósito novamente de Unamuno, falou da primacía dunha contemplación metafísica.*

MJV: Ten toda a razón. Os autores que me interesan nas literaturas que coñezo son os que explícita ou implicitamente posúen un fondo filosófico. A súa pregunta sobre a preeminencia da experiencia estética por un lado, e a da contemplación metafísica por outro, é a pregunta fundamental da miña teoría, desenvolvida en catro libros: o citado *Shadows in the Cave*, *Phenomenological Hermeneutics* (1987) —traducido ao castelán en 1995 como *La interpretación abierta*—, *World-Making* (1992) e *Hermeneutics of Poetic Sense* (1998).

132

En poucas palabras, a experiencia estética é a razón de ser do texto literario. Pero isto presenta ao crítico hermenéutico un problema e un reto. Se a experiencia estética é sumamente subxectiva, intuitiva e persoal, como se pode comunicar aos *meus outros*? Hai quen di que non se pode comunicar ou compartir. A Hermenéutica ensínanos que o subxectivo ten que se traducir a unha linguaxe compartida entre o crítico e os seus lectores. A busca desta comunicación intersubxectiva é a verdadeira tarefa do crítico. De lograla dá ao outro unha interpretación sobre “como leu o texto literario”. O texto en si é inesgotábel e sempre está aí, en espera doutro lector para provocar outra experiencia estética. Ora ben, se a explicación do crítico ten mérito é porque configura unha reflexión baseada nun rigor analítico, tomando en conta as características formais do texto, a súa referencialidade e historicidade.

AC: *Recoñezo que a cuestión é complexa para reducila a un simple esquema, pero que clase de vínculos co pensamento, coa filosofía, son os prevalentes na produción literaria da posmodernidade?*

MJV: A produción literaria da posmodernidade, no meu xuízo, distínguese da produción do pasado por ter traspasado, progresivamente, todas as normas e límites entre o mundo do lector e o do texto ata chegar a constituír unha fusión. Este fenómeno transforma a literatura, paradoxalmente, nunha actividade de *todo ou nada*. En culturas literarias como as europeas, a literatura cobra

así un significado máximo. Noutras culturas, como a dos Estados Unidos, por exemplo, tórnase en algo por completo prescindíbel, porque o mundo textual ameaza o mundo utópico no que ten que vivir ese pobo.

Hermenéutica, texto e crítica literaria

AC: *A postulación dun pensamento asociacionista, para o que establece puntos de referencia anteriores ao século XX en Juan L. Vives, Giambattista Vico e Wilhelm von Humboldt, levouno a participar no debate sobre a función da crítica literaria e a reafirmar a irrenunciabilidade dese exercicio. En cambio, algunhas plataformas teóricas moi asentadas nos Estudos literarios do derradeiro cuartel do século XX propiciaron un certo rebaixamento da crítica en tanto práctica compatíbel cunha mirada teórica. As teorías sistémicas ou a socioloxía do campo literario, por exemplo, non propician particularmente entre os seus adeptos a práctica crítica e semellan contentarse con estudar tal actividade como unha máis das que constitúen as tensións concorrentes no sistema/campo.*

MJV: Isto que apunta é de maior importancia nas culturas nas que se produciu unha institucionalización da Teoría literaria. Existen algunhas universidades nas que a teoría substituíu ao ensino da literatura. Iso presupón unha abstracción do concepto de *teoría* que privou á disciplina de toda vitalidade e acabou converténdoa nunha materia estéril sen transcendencia, cuxo único propósito é o de crear máis teoría, afastándose así por completo da literatura e da vida dentro dunha cultura literaria. En 1999 publiquei un artigo sobre este problema: “Literary Theory in an Age of Post-Theory”². As orixes desta separación entre a Teoría da literatura e o texto literario está na evolución de teorías baseadas noutras teorías, unha evolución que renuncia adoito a considerar a problemática filosófica sobre a condición humana do ser que fala e comunica. Un dos primeiros filósofos que chamou a atención sobre esta aberración foi Francis E. Sparshott, nun pequeno libro, *The Concept of Criticism* (Oxford: Oxford University Press, 1967), no que insiste en que toda teoría é unha forma de explicación dun problema. Os problemas literarios xorden da crítica literaria. Unha teoría que non recoñeza eses problemas convértese en explicación de teorías e máis teorías; é dicir, conclúe nun exercicio perfectamente comparábel cos excesos do escolasticismo.

² Figura no libro compilado por Fernando de Toro, *Explorations on Post-Theory: Toward a Third Space*, Fráncfort e Madrid: Vervuert e Iberoamericana, pp. 85-94.

AC: *En que medida a renuncia á noción de texto, ou, en todo caso, a súa asimilación ás máis amplas de produto (Even-Zohar) ou posición / toma de posición (Bourdieu), incidiu nesa especie de marxización da crítica por parte das teorías sistémicas e sociolóxicas? Parécelle que iso teña algo que ver co xeito en que a priori se comprenda a intencionalidade das accións, a comunicación literaria e moi en concreto a lectura?*

MJV: A asimilación do concepto de *texto* en construcións máis extensas, como a de *produto social* (Even-Zohar) ou a de *capital simbólico* (Bourdieu), non é de seu un problema para a Hermenéutica. En certo sentido, pode sosterse que a Hermenéutica se anticipou a esa clave mediante unha asignación definida por Ricoeur, segundo a cal a crítica literaria tería como obxectivo inmediato unha *refiguración* do texto que se comparte e como obxectivo distante que esta refiguración se converta nunha achega ao contexto social. Isto é, a *prefiguración* que nos concirne a todos como participantes da cultura literaria.

Non hai que perder de vista que para facer crítica literaria é necesario que o crítico teña coñecemento da prefiguración que une ao crítico, os seus lectores (outros críticos), os lectores de textos literarios e os autores destes textos. A lectura do poema é sempre, e sen excepción, unha entrega intelectual, intuitiva e persoal que esixe un esforzo de convivir noutro mundo. Isto non se pode esquecer nin, moito menos, negar. Ora ben, que facemos con esta lectura? Se queremos compartir esta experiencia con outros temos que traducir a subxectividade en intersubxectividade.

AC: *Cre vostede, profesor Valdés, que poida existir con lexitimidade unha crítica non hermenéutica?*

MJV: Créoo, certamente, pero con límites recoñecidos por todos. A hermenéutica como práctica é antiga; o que achegamos nestes anos é a filosofía da crítica, que case non existía. Por exemplo, se nos propomos facer unha crítica feminista dun texto literario, somos conscientes de que privilexiamos todos os referentes de xénero. Por suposto, tal crítica é lexítima con tal de que non pretenda ser a única. Un comentario hermenéutico non rexeita o conflito de interpretacións; antes ben, reconece este fenómeno como inevitábel e moi positivo. O único que considero inaceptábel é a pretensión de absolutos.

AC: *A propósito da experiencia artística, Gadamer falou da alusividade da arte e do que supón para o observador ese “sentirse alcanzado” (Betroffenheit) pola obra de*

arte, pulo que reconduce a experiencia da recepción ao ámbito da autocomprensión. Neste sentido, chegou a postular que a Hermenéutica contén á Estética. Querería saber se comparte esta posición.

MJV: A filosofía de Gadamer foi e continúa a ser unha fonte de reflexión para a miña teoría da interpretación. A Hermenéutica, como sinalei antes, empeza como unha interpretación dese “sentirse alcanzado”, algo que en varios estudos teño nomeado simplemente *experiencia estética*. A Estética, como filosofía desta experiencia, convértese na materia prima da Hermenéutica. A interpretación que se ofrece é a interpretación da experiencia estética.

Cultura, sociedade, academia

AC: *Profesor, cre que existan zonas posíbeis de encontro ou de diálogo, por unha parte, entre a Hermenéutica e a Socioloxía literaria —non só a de base marxista— e, por outra, entre a Hermenéutica e as Teorías empírico-sistémicas? Ou incluso entre a Hermenéutica e as Teorías poscoloniais ou os estudos sobre a subalternidade?*

MJV: Non só estou de acordo co diálogo entre a Hermenéutica e a Socioloxía literaria, tanto como coas Teorías empírico-sistémicas, senón que eu mesmo o teño procurado no meu labor con certo éxito. Con referencia á Socioloxía literaria e, en especial, á obra de Jean Baudrillard e Pierre Bourdieu, poden verse os meus ensaios “Literary History as History”³ e “A Historical Account of Difference”⁴. Nestes artigos concentreime no concepto filosófico da *prefiguración* como o eido no que a cultura literaria e a historia social se xuntan. En canto ás Teorías empírico-sistémicas, e moi en concreto ao fundamental traballo de Siegfried J. Schmidt “Vom Text zum Literatursystem: Skizze einer Konstruktivistischen (empirischen) Literaturwissenschaft”⁵, enviaría ao meu artigo “Hermeneutics and Empirical Studies”⁶. Nel destaco a importancia que a Hermenéutica concede tanto ao estudo histórico coma ao empírico na

³ En Jean Bessière (ed.), *Savoirs et littérature*, París: Presses Sorbonne Nouvelle, 2002, pp. 163-76.

⁴ En *Comparative Literature and Culture. A WWWeb Journal*: 4.2, xuño de 2002 [http://clwebjournal.lib.purdue.edu/clweb02-2/valdes02.html].

⁵ En Heinz Gumin e Armin Mohler (eds.), *Einführung in den Konstruktivismus*, Múnich: Oldenbourg, 1985, pp. 117-133.

⁶ En Harald Hendrix, Joost Kloek, Sophie Levie e Will van Peer (eds.), *The Search for a New Alphabet*, Amsterdam: John Benjamins, 1996, pp. 261-267.

producción do texto literario para poder indagar amplamente nas súas dimensións estéticas.

AC: Outro aspecto sobre o que me gustaría incidir é o da delimitación da obra literaria como obxecto de estudo e sobre a súa adxudicación a un saber estritamente filolóxico, positivista e/ou historicista. Resulta evidente que, malia todo, esa comprensión non perdeu vixencia e que é mesmo dominante en determinados espazos académicos.

MJV: Esta pregunta haina que tomar por partes. Se se considera a Filoloxía positivista e historicista, entón estamos falando dun reduccionismo sen mérito nin validez. En cambio, se por Filoloxía entendemos o estudo rigoroso das fontes históricas e da textualidade da obra, temos xa outra cousa. Este tipo de estudo ocupa o seu lugar e achega información con significado para o estudo da obra literaria; pero isto non é, nin debe pretender ser, unha interpretación da obra literaria. Digamos que é a investigación da circunstancia literaria, que é unha parte fundamental da cultura literaria.

AC: Nos seus traballos defende a incorporación dunha perspectiva cultural para o estudo do fenómeno literario, en particular cando se entra en aspectos históricos. Podería sinalarnos o que presupón basicamente esta opción?

136

MJV: O texto literario é unha obra elaborada por un escritor nunha certa linguaxe e dirixida a un lector ou lectores descoñecidos. Tanto o escritor coma o lector son entes sociais que comparten un hábitat común que é a lingua. Aínda a máis elaborada e requintada expresión barroca está arraigada nunha lingua, creación social por excelencia. Por conseguinte, a pregunta debe ser como é posíbel entender, e aínda máis, *explicar* un texto literario sen termos en conta o seu contexto sociocultural? A creación do poeta é unha apropiación do contexto común habitado por todos os que viven nesa lingua. Poetas tan destacados como Octavio Paz, Pablo Neruda ou Haroldo de Campos insistiron en que o poema é elaboración súa unicamente ata que o entregan ao lector; a partir de aí pertence ao lector, á comunidade e á lingua. Ora que, estas observacións non indican que se poida ignorar a ganancia neta que resulta do encontro singular entre a metáfora e a creación do sentido metafórico no lector. O que engadimos a esta observación universal é que cando pretendemos explicar cómo lemos o texto, temos que tomar en conta o seu contexto social.

AC: Entende que o fenómeno coñecido como resistencia á teoría —ou mesmo ao comparatismo— posúa algunha marca particular no ámbito ibérico ou no latinoamericano?

MJV: A fórmula “resistencia á teoría” parte dun ensaio de Paul de Man incorporado a un libro do mesmo título. No mundo hispánico tanto a Teoría da literatura coma a Literatura comparada chegaron como parte da globalización cultural que arrinca con vigor nos anos sesenta. Nalgúns casos esa foi simplemente unha moda cultural, noutros desbotouse o máis mínimo recoñecemento das novas tendencias. Creo que xa pasamos a época da cegueira e que entramos nun período de intenso debate. Hai, como dicía Paul de Man, unha resistencia básica á teoría co seu mandado de explicación. O gozo do texto e a experiencia estética semellan incompatíbeis coa Ciencia da literatura ou coa estruturación diacrónica do comparatismo. Non é este un problema menor, xa que a dialéctica aberta entre a experiencia e a explicación é a razón de ser de toda a cultura literaria, un debate inacabábel. Alén disto, un pobo que non viva e sufra na súa literatura e que non tente dar unha explicación desta humanidade, é un pobo enfermo no que a imaxinación perdeu terreo. En cambio, unha cultura tan complexa como a de América Latina e a peninsular, por exemplo, é unha cultura de vigor e creatividade en todos os ámbitos da vida.

AC: *Permítame un cambio de orientación no noso diálogo. Gostaríame saber cál foi o momento no que agromou o seu interese pola obra de Paul Ricoeur e tamén qué clase de preocupacións induciron a aproximación inicial. Foron talvez problemas como o da verdade e a intersubxectividade?, as implicacións historiográficas e ficcionais da narrativa?*

137

MJV: O meu interese pola filosofía francesa e pola obra de Paul Ricoeur en particular débese a unha serie de circunstancias imprevistas que coincidiron con distintas correntes intelectuais dende os anos da miña escola secundaria. En 1966, cando se me obriga a saír de España porque estaba facendo investigación sobre Miguel de Unamuno, María Elena e eu marchamos para París, onde tiñamos amigos. Nese ano sabático da Universidade de Toronto descubrí a obra de Maurice Merleau-Ponty. Primeiro, *Le Visible et l'invisible* (1964), que se acababa de publicar como obra póstuma, e decontado *Phénoménologie de la perception* (1945).

De volta en Toronto, Northrop Frye convidoume a formar o Centro de Literatura Comparada con el e outros colegas. En 1969 o noso primeiro profesor visitante foi Hans-Georg Gadamer. Por entón entregueime ao estudo de *Wahrheit und Methode* (1960). Esta lectura e a participación no seminario do

mestre xuntáronse coas aproximacións a *Sein und Zeit* (1927) e á obra completa de Miguel de Unamuno, provenientes ambas da etapa do doutoramento, fornecendo en conxunto unha clara dirección intelectual entre a fenomenoloxía e a Hermenéutica.

O segundo profesor visitante no noso Centro de Toronto foi Paul Ricoeur. De novo viña onda nós un gran mestre do pensamento coevo, cunha obra de enorme peso. Ricoeur acababa de publicar *Freud and Philosophy: An Essay on Interpretation* (New Haven: Yale University Press, 1970). O segundo capítulo deste libro, “The Concept of Interpretation”, foi a clave que eu estivera procurando longo tempo. Dende ese encontro feliz dediquei gran parte do meu tempo a ler o pensamento de Ricoeur e a apropiarme del. Os numerosos problemas que xurdiran dos meus estudos sobre Unamuno —a verdade, a identidade persoal e colectiva, a subxectividade e a razón, o diálogo, etc.— transformáronse deseguida como aporías que esixían un achegamento filosófico que cos anos conformou a miña teoría da interpretación, é dicir, a miña hermenéutica.

138

AC: *Profesor, ao ler os seus libros e artigos, ás veces tiven a impresión de que en Ricoeur sitúa de xeito moi prioritario e marcado unha forma de pensar e de estar no mundo —mesmo de querer reconciliarnos con el— que intervéñ como contrapeso ou réplica do que en diversos niveis poida representar Foucault. É errónea, excesiva ou nesgada esta apreciación? Que dimensións epistemolóxicas, e incluso éticas ou políticas, poderían asociarse con esa lectura que menciono no caso de que teña algunha validez?*

MJV: Ante todo quero darlle as grazas pola atenta lectura que prestou aos meus textos. Non é ningunha esaxeración afirmar que Paul Ricoeur foi, e segue a ser, o meu mestre e o modelo ético da miña vida profesional. Gardadas as enormes distancias entre Ricoeur e eu, tratei de escribir e de impartir as miñas clases no espírito de entrega total aos meus lectores e aos meus alumnos. Tiña trinta e cinco anos cando coñecín ao Profesor Ricoeur, é dicir, que a segunda metade da miña vida profesional a vivín tratando de achegarme ao exemplo de Ricoeur. Pero non me teño por excepcional neste sentido. Somos unha comunidade internacional os que aprendimos algo do ser no mundo de Paul Ricoeur. O seu colega en Santiago de Compostela Marcelino Agís Villaverde comparte esta mesma opinión.

AC: *Outra tradición importante de reflexión sobre a outredade, neste caso con raíces non tan claramente fenomenolóxicas, é a que podería representarse en Mikhaíl Bakhtín. Interesoulle o seu pensamento?*

MJV: No outono de 1981, como Director do Centro de Literatura Comparada, organizei o terceiro dos catro simposios internacionais que completaría nese cargo, e entre os convidados veu un profesor novo da Universidade de Texas en Estados Unidos, Michael Holquist, quen nos presentou a tradución e rescate que el e a súa dona, Caryl Emerson, fixeran de *Voprosy literaturny i estetiki*, co título inglés de *The Dialogic Imagination*. Foi unha revelación para todos. Os conceptos do encontro dialogal entre lector e texto dábannos toda unha aproximación á vez filolóxica e fenomenolóxica. Teño comentado detidamente o cuarto ensaio deste libro, “Discourse in the Novel”, cos meus estudantes e doutorandos, aplicándonos este pensamento á gran novela do século XIX.

AC: *Profesor, a que motivos podería responder a desafección que o pensamento español demostra historicamente en relación co tema da alteridade? Sorprende un pouco o contraste entre esa opción e a que no ámbito da creación artístico-literaria poida representarse cunha nómina moi ampla de autores que, sendo considerados “moi españois”, fixeron da análise e percepción do outro, do que é outro, case unha obsesión. Penso en nomes tan diversos como os de Juan Ruiz e Cervantes, como Buñuel e Lorca, como Goya e Unamuno, como Rojas e Tomeo, ou como Saura e Almodóvar, por non falar do que poderían representar figuras dun carácter diferente, como Bartolomé de las Casas, Cernuda, Blanco White, Juan Goytisolo... Cre que exista un correlato político da desafección mencionada?*

139

MJV: O mestre Antonio Tovar adoitaba dicir que todo pobo usa o que sente máis profundamente para profanar. Os mexicanos ofenden o próximo con alusións á súa paternidade. O español válese de símbolos relixiosos. A alteridade é a ferida máis profunda do ser español, como vostede ben o recoñece cos poetas e cineastas que vén de mencionar na súa pregunta. O pensamento español, como toda aproximación tradicional, constitúe un exercicio racional que trata de esquivar as brañas do sentimento. Unamuno, o gran heterodoxo do pensamento español, determina a excepción, e isto vén sendo o que máis o afasta de Ortega y Gasset. Esta evasión da ferida non é política, é racional; pero é o poeta quen non nos permite evadir a vida por moito tempo e quen volta a abrir a ferida, que nunca sanda por ser parte da condición humana dos nosos pobos.

Os métodos da Historia literaria comparada

AC: O seu labor como presidente do Comité de Historia Literaria Comparada da Asociación Internacional de Literatura Comparada marca claramente un antes e un despois na empresa iniciada, non sen controversias, no xa distante 1973. A súa intervención e os seus esforzos para propiciar o debate epistemolóxico e heurístico dentro da historiografía literaria renderon bos froitos dende comezos dos pasados anos noventa e favoreceron a cooperación internacional e a consolidación de equipos que puideron incorporar os seus propios avances. Un dos proxectos máis complexos, polo que representou como reto metodolóxico e organizativo, foi sen dúbida a recentemente publicada Historia comparada de las culturas literarias de América Latina. Como máximo responsábel do proxecto, pode presentarnos as grandes liñas desta publicación?

MJV: Ten razón. O legado na miña dirección dese Comité será base de controversias por moitos anos e creo que este conflito de ideas é ben saudábel para a profesión. Os tres volumes da *Historia comparada de las culturas literarias de América Latina* públicaos en castelán o Fondo de Cultura Económica en México. En lingua inglesa a edición corresponde a Oxford University Press. Dende o inicio da discusión teórica ata a publicación investín dez anos da miña vida, e o mesmo fixo a miña esposa e colega María Elena. A nosa proposta é radicalmente diferente a todas as historias comparadas anteriores: nela hai un plano amplo e inclusivo para contextualizarmos cada obra literaria no mundo en que orixinalmente se realizou e ao que segue contribuíndo arestora.

O primeiro volume establece o marco empírico e discursivo. O segundo introduce sinopticamente as institucións e os centros culturais que foron determinantes nesta historia da cultura literaria. O terceiro volume concéntrase no discurso literario en América Latina. Primeiro, o seu dualismo permanente entre lamento e épica de grandeza; seguindo logo co tumultuoso século XIX, con toda a súa problemática de creación de lexitimidade como cultura independente; e, finalmente, o sanguento século XX cos seus ditadores, exilios, masacres e interferencias das superpotencias, pero tamén recoñecendo a creación dunha nova literatura híbrida no caso dos Estados Unidos e o renacemento das literaturas autóctonas. De por parte, esta é a primeira Historia literaria de América Latina que une á América hispana co Brasil e que incorpora ademais a literatura en linguas indíxenas.

AC: Profesor, que supuxo para a determinación do seu modelo historiográfico a obra de Fernand Braudel e o traxecto de Annales? E en paralelo, por que concede tanta

importancia ao coñecemento das bases metodolóxicas e dos resultados dos modelos historiográficos prevalentes nas sucesivas etapas da historiografía literaria?

MJV: Como teño explicado en varios artigos, como “From Geography to Poetry”⁷, ou, máis recentemente, en “Rethinking the History of Literary History”⁸, a obra de Braudel ofrécenos un claro e detallado exemplo de contextualización empírica na historiografía. O resultado que logra en libros como *La Méditerranée et le monde méditerranéen a l'époque de Philippe II* é unha lectura da historia sumamente máis rica en matices e en traxectorias inauditas para o lector⁹.

Doutra parte, a razón principal pola que outorgamos tanta énfase ao coñecemento das bases metodolóxicas da Historia das culturas literarias provén do afán de guiar ao lector no proceso de contextualización e indicarlle, asemade, que está en presenza dun hipertexto no que incalculábeis novas direccións de coñecemento histórico xurdirán a eito a partir de cada lectura.

AC: *Os conceptos de narratividade prefigurativa e de historia efectual son fundamentais nese sentido, non si?*

|4|

MJV: O concepto de *narratividade prefigurativa* explica a condición básica de toda cultura literaria, na que o pasado cultural se reactiva e reabsorbe decontino no presente, sempre nun proceso aberto. A noción de *historia efectual* apunta ao proceso historiográfico que nos achega máis ao proceso vital en que vivimos unha cultura.

AC: *E como se formula a relación entre historiografía, espazos xeoculturais e nacións? Na análise de varios teóricos, a Historia literaria tradicional de base nacional tería esgotado o seu periplo como disciplina. Que clase de cambios entende que deberían asumir os departamentos universitarios e o mundo académico en xeral en relación con este asunto?*

⁷ En *Canadian Review of Comparative Literature*: 23.1, 1996, pp. 1-7.

⁸ En Linda Hutcheon e Mario J. Valdés (eds.), *Rethinking Literary History: A Dialogue on Theory*, Oxford e Nova York: Oxford University Press, 2002, pp. 63-116.

⁹ *La Méditerranée et le monde méditerranéen a l'époque de Philippe II*, París: Armand Colin, 2 vols., 1949. A segunda edición, aumentada, publicouna de novo Armand Colin en 1966. Hai tradución ao castelán a cargo de Mario Monteforte e Wenceslao Roces, *El Mediterráneo y el mundo mediterráneo en la época de Felipe II*, México: Fondo de Cultura Económica, 1953, 2 vols. (2ª ed. en castelán: 1987).

MJV: Estou de acordo en que o concepto de *nación* é o instrumento máis torpe utilizado na Historia literaria. E esta é xustamente unha das principais razóns polas que a política nacionalista invadiu a academia. Nós, na *Historia comparada de las culturas literarias de América Latina*, empregamos un concepto híbrido como base a partir da xeografía, a interrelación de distintas linguas, a demografía e as redes de comunicación. O resultado é que creamos rexións de influencia marcadas por fronteiras inestábeis. Ditas fronteiras son dez: 1) a fronteira México-Estados Unidos, que en efecto é a fronteira entre a dominación e o subalterno, non só de México senón de toda América Latina; 2) Mesoamérica, que comprende Centro América e México; 3) o Caribe hispánico e as súas fronteiras ata agora infranqueábeis co Caribe inglés, francés e holandés; 4) a Amazonia, que comprende Brasil, Bolivia, Ecuador, Perú e as súas fronteiras rixidas con Güiana e Surinam; 5) a América andina, que inclúe o norte de América do Sur e parte do Pacífico; 6) Brasil nororiental, coas grandes cidades de Recife e Salvador da Baía; 7) Brasil central, que inclúe Rio de Janeiro, São Paulo, Brasília e Belo Horizonte; 8) a fronteira sur, co estado brasileiro de Rio Grande do Sul mais Paraguai; 9) o Río da Plata, co conxunto de Uruguai, Arxentina e Chile; e 10) a cultura latinoamericana fóra do mundo hispánico, en Nova York e París. Todas estas rexións teñen unha cultura literaria distintiva malia nalgúns casos existiren fronteiras políticas entre medio. Noutros, como son o do norte oriental do Brasil e o da zona central do propio Brasil, fican dentro da mesma entidade política. Todas son rexións cunha cultura literaria de seu.

AC: *Neste contexto, que opcións historiográficas terían que ser priorizadas por parte das culturas sometidas a algún réxime de subalternidade ou dependencia? Estas culturas mostran a miúdo proclividade a consolidar unha autoridade explicativa e unha narratividade teleolóxica na voz da súa propia historiografía oficial a fin de contrarrestaren a historiografía hexemónica, constituída esta case sempre sobre eses mesmos moldes discursivos pero negadora de calquera diferenza no seo do seu marco de intervención. En todo caso, son válidos os mesmos modelos e os mesmos desenvolvementos cando falamos de literaturas consolidadas e de literaturas cuxa pervivencia histórica no curto e medio prazo non está garantida? Tendo presente a condición contra-histórica ou de resposta que é consubstancial ás historiografías xurdidas dende entidades ou colectivos minorizados, entrañaríaa aquela opción algúns riscos por exemplo no plano da (des)lexitimización identitaria?*

MJV: Realmente son tres preguntas as que formula, desprendidas a unha da outra de xeito sucesivo. Tomareinas na orde fixada por vostede. Primeiro, que

opcións historiográficas terían que ser priorizadas por parte das culturas sometidas a algún réxime de subalternidade? Hai que recoñecer que o discurso literario non é un discurso autónomo. É parte dunha cultura e, polo tanto, hai outros poderosos discursos que se rexistran no discurso literario. Refírome ao discurso relixioso, ao científico ou pseudo-científico e, especialmente, ao discurso político. Hai que examinar moi devagar este fluxo e refluxo discursivo na Historia literaria como parte do marco ontolóxico da cultura literaria.

En segundo lugar, ¿son válidos os mesmos modelos e os mesmos desenvolvementos cando se fala de literaturas consolidadas e daquelaoutras sen garantía de pervivencia histórica no curto ou medio prazo? Leva toda a razón ao indicar que culturas baixo o xugo da subalternidade adoitan tomar posturas subversivas do poder hexemónico. O mellor exemplo que coñezo é o da cultura chicana, logrado nun terreo ideolóxico de suma inestabilidade entre a hexemonía ancestral de México, por unha banda, e a hexemonía globalizadora da economía e a potencia militar máis grande do mundo, por outra. A súa norma en poesía, teatro, narrativa e cinema, consiste en crear unha nova entidade híbrida enfatizando a súa dualidade e reducindo a hexemonía todo o posíbel con parodia, ironía e burla. A Historia literaria serviu moi mal, por non dicir pesimamente, á cultura chicana. E fíxoo así de mal xusto por ter adoptado os mesmos moldes discursivos da historia hexemónica. Non se trata simplemente de adoptar diferentes medios historiográficos, senón de recoñecer que a redución da cultura chicana se debe sobre todo aos seus propios historiadores, que son furiosas ovellas defensivas pero, a fin de contas, ovellas. É un erro básico que reduce a obra literaria, fai unha autopsia ao cadáver e logo procede a arquivalo. Unha nova literatura que naceu baixo o peso da subalternidade, igual que no caso das literaturas consolidadas, é un proceso dialéctico de tendencias discursivas. Calquera que sexa o modelo adoptado, debe estar por completo liberado do reduccionismo que conformou a norma positivista. Entón, non se trata dunha historiografía diferente para o novo senón dun rexeitamento do reduccionismo inherente á historiografía absolutista.

Finalmente, entrañaría a opción contra-histórica riscos en planos como o da deslexitimización identitaria? A identidade dun pobo maniféstase nun espírito de comunidade que ten expresión e realidade na súa cultura literaria. Unha cultura literaria non sempre coincide cos límites dunha nación ou coas arelas dun movemento nacionalista. Iso acontece máis ben nos textos ideolóxicos. Unha cultura literaria non require a aprobación do Estado. O que si é

insubstituíbel é a existencia dunha comunidade discursiva. Polonia, por exemplo, en toda a súa longa historia só foi un estado independente por espazo duns poucos decenios e, porén, posúe unha cultura literaria vigorosa. Os políticos e os ideólogos non crean identidade cultural, só a comunidade de falantes ten o poder de logralo.

AC: Pero, dende un punto de vista institucional, entendida a expresión no seu valor empírico-sistémico, toda historiografía intervén no presente e contribúe a planificar un futuro, en particular por referencia a un determinado marco nacional. Así vén sendo cando menos dende comezos do século XIX, polo que é habitual sinalar nos historiadores (tamén nos literarios) moi eficaces nation-builders. No que corresponde propiamente ás esferas públicas e á realidade civil afectadas, que se pode esperar de propostas como as que vostede ten alentado con relación aos espazos culturais latinoamericano, ibérico e da Europa centro-oriental?

144

MJV: A miña proposta historiográfica responde aos problemas culturais do mundo. Non os resolve, non os crea: trata de interpretalos. No mundo que coñezo mellor, as Américas e Europa, a globalización económica e a dominación política en todo o mundo, e a militar en Medio Oriente e América Latina, por parte de Estados Unidos, constitúe simplemente o mundo no que nos tocou vivir. Con todo, canto ás culturas literarias, esta nosa é a época máis vital dende o tempo do Renacemento. Existe unha poderosa contracorrente que se opón á globalización: unha explosión de culturas literarias con vigor e enorme creatividade. En América Latina temos o auxe das literaturas autóctonas, en España as culturas literarias das outras linguas peninsulares, en Europa non só a restitución das culturas literarias antigas senón tamén a emerxencia doutras minoritarias, como a de Alsacia, ou o caso da Europa nórdica e a cultura literaria lapona (ou sammi). Todo contribúe a demostrar a proliferación de culturas literarias nas diversas comunidades de falantes. A mundialización económica e política, lonxe de afunzar un mundo máis homoxéneo, creou as condicións para todo o contrario, un mundo cunha diversidade cultural xamais coñecida.

AC: Outro aspecto da cuestión: segundo o seu criterio, conserva validez a idea de Weltliteratur ou “literatura mundial”? Refírome non só ao modo no que tal idea foi elaborada por Goethe senón tamén a fórmulas máis recentes e dinámicas, como as debidas a Étienne, a Claudio Guillén ou a Dionýz Dřišin e a Escola de Bratislava?

MJV: O concepto de *Weltliteratur*, de seu, nunca foi máis que unha arrogancia europea para se apropiar o mundo. O que podemos afirmar é que existe un canon do sistema literario chamado *occidental* que é transnacional e que operou sen crítica, como se se tratase das santas escrituras do mundo literario dende o tempo de Goethe. A Escola de Bratislava herdou esta tradición da alta cultura europea.

O comparatismo de Claudio Guillén é moi distinto. O propio Guillén é, pola súa peripecia vital, un produto cultural da *Weltliteratur*, pero como teórico reflexionou sobre a complexidade da obra literaria en tanto parte dun proceso cultural. No seu último libro, *Múltiples moradas* (1998), escribiu o seguinte:

“Oscilamos una y otra vez entre dos polos, impulsados por tendencias opuestas. Y claro está que nuestra oscilación perdura en el tiempo, confir-mándose como principio constitutivo del devenir que acarrea una historia y contiene un futuro. Este devenir no es por lo tanto superficial, no es una envoltura que encubra ninguna sustancia fija, sino que subsume en sus con-junciones y disyunciones, digámoslo así, unos subdevenires propios. Pienso que la complejidad que nos esforzamos por captar se entiende mejor de esta manera¹⁰”.

145

A cultura literaria como contexto xerador de literatura componse de múltiples polaridades: o propio e o alleo, o consagrado e o popular, o pasado e o presente, o utópico e o descarnadamente brutal, e moito máis.

AC: *Profesor Valdés, agradezo en nome do Boletín Galego de Literatura a súa xen-til atención e as reflexións, de tantísimo interese, que decidiu compartir xenerosamente cos nosos lectores. Por último, se me permite, formularéi unha pregunta de carácter algo máis persoal. Vostede é un mexicano nado en Chicago que reside dende comezos dos anos sesenta en Toronto, unha das cidades canadianas máis marcadas polo fenómeno da multiculturalidade. Tense definido a si propio nalgunhas ocasións como un “nómade intelectual con fortes raíces en México”. En que medida biografías como a súa constitúen unha condición para o exercicio do comparatismo e en que xeito a pecu-liaridade do Estado canadiano en canto á protección das minorías e a comprensión da*

¹⁰ Claudio Guillén, “Europa: ciencia e inconsciencia”, en *Múltiples moradas. Ensayo de Literatura Comparada*, Barcelona: Tusquets, 1998, p. 426.

pluralidade contribuíu a asentar as súas propias conviccións como hermeneuta e historiador?

MJV: Estaba destinado para o comparatismo sen eu sabelo. Esta procura de inquietudes intelectuais e culturais culminou en Toronto por diversas razóns que explicarei. Pero, antes, faise preciso aclarar algo o que acabo de dicir. Cando viaxei por primeira vez a México tiña eu seis anos, o mundo estaba a piques de entrar na Segunda Guerra Mundial, que aínda como cativo-impuña en min unha necesidade de entender cómo era que un pobo tiña que eliminar a outro para alcanzar os seus obxectivos e lograr un suposto benestar. Naquela visita á terra de meus pais deime conta dun par de cousas: que era herdeiro dunha cultura milenaria e que, por motivos políticos, vivía nun país veciño no que non só se descoñecía a miña cultura senón que de por parte se desprezaba. Dende entón quixen vivir retendo comigo o meu herdo cultural e, á vez, cunha arela, a de tratar de entender o racismo de Estados Unidos.

146

O paso seguinte nesta longa viaxe cara á persoa que arestora son tivo lugar en 1951, cando coñecín a María Elena na súa casa de Ciudad de México. Non me prestou moita atención de entrada, máis ben xogaba a ser muller. Eu, que naquela andaba nos dezasete anos, estaba decidido, tiña que casar con ela. En 1954 volví a México durante o tempo das vacacións estivais da universidade e conseguín de milagre que María Elena me aceptase unha cita. Fomos a unha *nevería* e mentres ela comía unha enorme copa de xeadado eu falaba e falaba, e pedinlle que fose a miña noiva. Con todo vagar María Elena terminou o seu xeadado e entón díxome que si. Nese momento mudou a miña vida. Casamos ao ano seguinte, eu tiña vinte e un anos. Regresei á Universidade de Illinois coa miña muller, completei a licenciatura en Historia e Filosofía, ingresei na escola de Dereito e, ao rematar, pasei ao programa de doutoramento en Filoloxía Románica.

Doutoreime en 1962, e ese foi un momento decisivo: podíamos regresar a México, ficar nos Estados Unidos ou aventurarnos a ir ao Canadá, que descoñeciamos completamente. Non había postos académicos en México e no persoal resultábanos difícil continuar nos Estados Unidos: fomos para Canadá. Neste país, e especificamente en Toronto, atopamos unha liberdade intelectual e espiritual que nunca antes vivira nos Estados Unidos. Para min, Toronto representa a liberdade completa de poder vivir, pensar e traballar nun ambiente propicio. Entregueime á docencia e á investigación, e en 1969, cando se me

ofereceu a cátedra e Northrop Frye me invitou a formar parte do novo Centro de Literatura Comparada, tiven plena conciencia de que encontrara o que buscaba. Entón tiña trinta e cinco anos. O demais xa o coñece vostede polo meu currículo. Agora tratamos de pasar tempadas en México cada ano; o medio ano sen inverno pasámolo na nosa casa, en Toronto, e o resto en Europa, na universidade que nos invite. Este ano tivemos o gusto de estar en Santiago de Compostela case dous meses.

Non sei se esta excursión ao meu pasado contesta a súa pregunta. Para resumir, dende neno tiven inquietudes espirituais e intelectuais moi marcadas. Os pasos que me abriron un futuro foron, primeiro, María Elena, xa que sen ela non habería ren, e, en segundo termo, chegarmos a Toronto, onde puídemos vivir e traballar nun ambiente cosmopolita, gozando dunha liberdade que nos permitiu vivir en plenitude.

Arturo Casas

Universidade de Santiago de Compostela